



PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2019/2020

Do **1 ao 20 de marzo** ábrese o prazo de **solicitud de admisión de novos alumnos** no CEIP Plurilingüe San Vicenzo para o curso 2019/2020.

A solicitude pode recollela no centro educativo e cubrila a man (anexo II ED550B) ou facelo en internet, imprimila e presentala no centro (no seguinte enlace <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>)

Acompañando á solicitude temos que presentar a seguinte **documentación**:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da familia **se no formulario de solicitude denega a súa consulta.**
- Documento acreditativo da idade do alumno (DNI, Libro de familia, Certificado de nacemento...)
- Se un alumno cambia de centro debe presentar un certificado de matrícula do centro no que estea matriculado no curso 2018/2019 ou un documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa. Os titores legais do alumno deberán remitir ao centro unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio se fose o caso.

A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos, requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

Unha vez presentadas as solicitudes determinarase se hai ou non máis solicitudes que prazas vacantes. En caso afirmativo, abrírase o prazo para presentar documentación xustificativa dos datos do baremo (10 días hábiles a partir dos dous días seguintes ao remate do prazo da solicitude).



A **listaxe provisional de admitidos e non admitidos** expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web antes do 25 de abril e a definitiva antes do 15 de maio.

Prazas vacantes para o curso 2018/2019

Educación Infantil		Educación Primaria	
4º Educación Infantil	22*	1º Primaria	0**
5º Educación Infantil	6	2º Primaria	0
6º Educación Infantil	0	3º Primaria	0
		4º Primaria	4
		5º Primaria	1
		6º Primaria	0

* Reservaranse 3 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

** Reservaranse 2 prazas para atender a escolarización de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.